



camiño
escena
norte

camir
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Camiño Escena Norte despide este xoves 24 en Viveiro a súa sexta edición coa peza teatral 'Ada Byron: la tejedora de números'

A creación, dirixida a público adolescente e adulto, combina teatro e ciencia para dar a coñecer a vida dunha das mulleres máis relevantes da historia, considerada a impulsora da informática actual

A obra, que se poderá ver o día 24 a partir das 20.30 horas no Pastor Díaz, foi recoñecida no 2023 co Premio Jovellanos á Producción Escénica; e este ano acadou 6 galardóns nos Premios OH! das Artes Escénicas de Asturias, entre eles, Mellor Espectáculo

Viveiro, 21 de outubro de 2024- A sexta edición de Camiño Escena Norte, o programa de intercambio cultural a través das artes escénicas entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, chega este xoves 24, na Mariña lucense, ao seu fin. O Teatro Municipal Pastor Díaz de Viveiro acollerá a representación do espectáculo **Ada Byron: la tejedora de números**, unha proposta na que a compañía asturiana La Westia Producciones combina teatro e ciencia para dar conta da vida dunha das mulleres máis relevantes da historia da humanidade.

A obra, dirixida a público adolescente e adulto, presenta a Ada Byron moi enferma, na cama, e que no seu delirio ve o seu pai morto (o poeta romántico Lord Byron), con quen revisa a súa propia vida, na que as matemáticas adquiren un gran protagonismo. Nesa revisión vital, na que pai e filla se coñecen, xorden revelacións e reproches que fan cambiar a concepción que Ada ten da súa existencia.

O broche dourado desta sexta edición do Camiño Escena Norte vén acompañado, ademais, de **numerosos galardóns**. Así, *Ada Byron: la tejedora de números* foi recoñecida o ano pasado co Premio Jovellanos á Producción Escénica, mentres que neste 2024 acadou seis Premios OH! das Artes Escénicas de Asturias, entre eles, o de Mellor Espectáculo.

As entradas (5€, 3€ prezo reducido) pódense reservar en rbg.cultura@viveiro.es ou no 982560162 de luns a xoves, en horario de 9 a 14 horas, e na billeteira do teatro Pastor Díaz no mesmo día da función desde unha hora antes do inicio.

Para máis información:

Consulta o **Kit de prensa** de Camiño Escena Norte 2024

Fotos en alta, dossier e vídeo de *Ada Byron: la tejedora de números*, [dispoñible aquí](#)

Contacto de prensa: Lucía Pita | 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILERK:



www.escenanorte.com

